



PRESENTACIÓN

A finais do ano 2005 o Consello da Cultura Galega celebraba unhas xornadas de estudo sobre a problemática dos incendios forestais en Galicia, que foron posteriormente editadas (*Os incendios forestais en Galicia*, CCG, 2006). Nacían como una reflexión, en clave cultural, sobre a vaga de lumes que devastaran o país no verán do 2005. No verán seguinte, como é de todos ben sabido, a extensión e voracidade dos lumes foron aínda moi superiores. Pero, sobre todo, as condicións de proximidade a zonas densamente poboadas fixo que a súa repercusión mediática acadara límites de traxedia nacional.

Diante desa situación o Consello da Cultura Galega viuse de novo coa necesidade de tratar, unha vez máis, a problemática dos lumes que, non por reiterativa, seguía a ser unha das máis graves coas que se tiña que enfrontar o país. E decidiuse, neste caso, consonte as novas liñas de traballo que tentaba poñer en marcha esta institución, adoptar o formato dos debates entre expertos. Fórmula coa que xa encarara outra crise ambiental (*Documento de Síntese sobre a Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB) e a variante da Enfermidade de Creutzfeldt-Jakob (vECJ)*, CCG, 2001) e que podería servir como un bo complemento das xornadas que se celebraran no 2005. Con ela agardábase que o afondamento nesta complexa temática puidese acadar uns maiores niveis de esixencia e rigor que no caso das xornadas abertas ao público, nas que, sen dúbida, outro tipo de valores poderían e deberían ser procurados.

Organizáronse tres debates (Cuestións ecolóxicas e silvícolas; Aspectos económicos, sociais e políticos; Percepción social, educación cívica e información) que tiveron como obxectivos as tres fronteas que se consideraban como fundamentais para a comprensión e, de ser o caso, a clarificación dunha problemática tan profusa e complexa como a dos incendios forestais. Para cada un deles formuláronse un conxunto de preguntas redactadas por un equipo de coordinación, que foron enviadas previamente a un panel de expertos, que, posteriormente, ao longo dunha xornada de traballo foron amplamente contestadas e debatidas. Dous xornalistas, presentes nos debates e coa axuda das gravacións pertinentes, fixeron unha primeira redacción destes, así como



unhas conclusións que circularon entre os expertos. Coas modificacións achegadas, realizouse a redacción definitiva. Como axuda para os debates foron solicitados tamén algúns traballos previos sobre temas específicos, así como un glosario xeral, que puidera servir para a unificación e clarificación do léxico empregado. Finalmente, os coordinadores xerais de cada grupo, redactaron una síntese global que tentaba fornecer nun breve documento o máis salientable dos debates.

En resumo, un conxunto de máis de medio cento de expertos, galegos e doutras nacionalidades e estados, foron convocados polo Consello da Cultura Galega, cos rescaldos aínda quentes dos lumes do verán de 2006, para reflexionar e debater sobre causas, efectos e posibles solucións, entre outros aspectos, dos incendios forestais en Galicia. Somos conscientes de que este é un problema de moi longo alcance e que seguirá a haber incendios forestais. Pero tamén estamos certos de que actividades coma esta poden constituír eses pequenos chanzos que, superados pacientemente ano tras ano, sirvan para revirar pouco a pouco eses costumes, ideas e imaxinarios que soportan culturalmente as accións que, dun ou doutro xeito, están a alimentar estes riscos. E que abonda con que o tempo non sexa doado para que se transformen nesa trágica realidade que todos vivimos o pasado verán.

Os documentos poden descargarse dende o sitio web:

www.consellodacultura.org/incendios